

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno
correspondente ó día 14 de setembro de 2020

Con data catorce de setembro do ano dous mil vinte, ás once horas, réunese a Xunta de Goberno da Deputación a través do sistema de videoconferencia (a través do enlace call.lifesizecloud.com remitido coa convocatoria), co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

José Manuel Baltar Blanco.

Deputados/as:

D. Rosendo Luis Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Pablo Pérez Pérez

D.^a Ana María Villarino Pardo

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Luz Doporto Real

Secretario:

D. Juan Marquina Fuentes

Interventor: D.^a Mónica Legaspi Díaz

Ausentes: D. Armando Ojea Bouzo

Iniciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 7 DE SETEMBRO DE 2020.- A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 7 de setembro de 2020.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 7 de setembro de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2.- APROBACIÓN DE RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR JOSÉ ANTONIO REQUEJO SANTOS CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 6.07.2020, POLO QUE SE RESOLVEU O CONCURSO CONVOCADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A DEPORTISTAS CUALIFICADOS EN MODALIDADES DEPORTIVAS INDIVIDUAIS, CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2019, CONVOCATORIA 2020.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Desestima-lo recurso de reposición presentado por José Antonio Requejo Santos contra o acordo da Xunta de Goberno de data 06.07.2020, polo que se resolveu o concurso convocado pola Deputación Provincial de Ourense para a concesión de subvencións a deportistas cualificados en modalidades deportivas individuais correspondente ó exercicio 2019, convocatoria 2020, e polos motivos expostos na parte expositiva da proposta, que se describen a continuación:

1º.- O reclamante indica que:

- *“La solicitud se presentó en plazo y adjunté documentos después en un plazo inferior a 10 días y también dentro de plazo de requerimientos. Cumplí la ley en cuanto a plazo, Ley 39/2015 del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas”.*

- *“No se presentó justificante médico de lesión, pero, en cualquier caso, seguí en activo haciendo marcas similares en 10.000 m. y con la baremación que tengo sería suficiente.”*

2º.- O reclamante manifesta que presentou en prazo a documentación correspondente, pero seguramente está a referirse á documentación administrativa, porque en ningún caso a documentación valorable é emendable, segundo o dispón a base quinta que indica que “Dada a natureza competitiva do procedemento de concesión de subvencións, a documentación avaliable non será obxecto do trámite de emenda de deficiencias, que só lle será de aplicación á documentación administrativa”.

3º.- Con respecto ó que indica sobre a non presentación de xustificante de lesión, as bases da convocatoria, no apartado 5-3. a.8), sinalan que “Aqueles peticionarios que non presentaran resultados deportivos nos meses anteriores ó final do prazo de presentación das solicitudes, por mor dunha lesión ou enfermidade que impedira a súa participación na competición, deberán presentar certificado médico que acredite a lesión que padecen.

3.- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO LOSADA, EN REPRESENTACIÓN DO CLUB DEPORTIVO ALLARIZ, FRONTE Ó ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 4.08.2020, POLO QUE SE RESOLVEU O CONCURSO CONVOCADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A CLUBS DEPORTIVOS DE OURENSE PARA O ANO 2020.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Desestima-lo recurso de reposición presentado por don Francisco Alejandro Piñeiro Losada, en representación do Club Deportivo Allariz, polo que se resolveu o concurso para a concesión de subvencións a clubs deportivos de Ourense para o ano 2020, por presenta-la documentación valorable extemporaneamente, non sendo esta emendable, de conformidade co establecido nas bases da convocatoria.

4.- APROBACIÓN DA RESOLUCIÓN DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SOCIAIS PARA PROXECTOS DE SERVIZOS SOCIAIS PARA O ANO 2020.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Non admitir a trámite a entidade seguinte, pola causa que se indica, na convocatoria de subvencións para prestación de servizos sociais para o ano 2020, publicadas no BOP de Ourense n.º 158, do día 11 de xullo de 2020:

CIF	ENTIDADE	PROGRAMA SOLICITADO	CAUSAS
G32249484	ASOCIACIÓN OURENSE	AUTISMO PROGRAMA DE ATENCIÓN INFANTIL	Presentación fóra de prazo

Segundo: Concederlles subvención ás entidades seguintes, nos importes que se indican, na convocatoria de subvencións para prestación de servizos sociais para o ano 2020, publicadas no BOP de Ourense n.º 158, do día 11 de xullo de 2020:

ENTIDADE SOCIAL	TOTAL VALORACIÓN PRIMARIA (mínimo 40 puntos)	TOTAL VALORACIÓN SECUNDARIA (máximo 30 puntos)	PUNTUACIÓN TOTAL	CONTÍAS DE SUBVENCIÓN CONCEDIDAS		
ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA RECUPERACIÓN E ESTUDIO TERAPEUTICO DA ESPECIE ASNAL (ANDREA)	55	16	71		8.500,00 €	
FUNDACIÓN MONTE DO GOZO	41	10	51	4.500,00 €		
FUNDACION PARA A PROTECCION DOS DISCAPACITADOS PSIQUICOS DA COMARCA DE VERIN	40	5	45	3.120,00 €		
FUNDACIÓN AMIGOS DE LA BARRERA	46	17	63	4.500,00 €		
Asociación de Familias, Profesionais e Investigadores/as de Persoas con TEA de Ourense (TRASCOS)	46	20	66		8.500,00 €	
ASOCIACIÓN POR ELES TEA	51	20	71		8.500,00 €	
FEDERACIÓN DOWN GALICIA	46	19	65		8.500,00 €	
ASOCIACIÓN GALEGA DE HEMOFILIA (AGADHEMO)	41	7	48	1.150,00 €		
Asociación de Fibromialxia, Síndrome de Fatiga Crónica e Sensibilidade Química Múltiple de Ourense - AFFOU	51	14	65		7.272,55 €	

DOWN OURENSE	55	22	77		8.500,00 €	
FEDERACIÓN PROVINCIAL DE MULLERES RURARIS DE OURENSE (FEMURO)	65	19	84			3.900,00 €
ASOCIACIÓN PUZZLE PARA A LOITA CONTRA A EXCLUSIÓN SOCIAL E LABORAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE	42	12	54	3.360,00 €		
ADO (ASOCIACIÓN DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD DE OURENSE)	46	18	64		8.500,00 €	
ATOX	46	19	65		8.500,00 €	
Federación de Asociacións de PCD de Ourense (Discafis)	49	16	65		8.500,00 €	
CRUZ VERMELLA OURENSE	45	19	64		8.500,00 €	
Asociación Ourensana de Esclerosis Múltiple, ELA, Parkinson	43	18	61		8.500,00 €	
ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE OURENSE	51	15	66		7.000,00 €	
XERACCIÓN S COOP GALEGA	41	12	53	4.500,00 €		
FUNDACIÓN NEUROBURGAS DANO NEUROLOXICO	52	19	71		6.852,00 €	
ASEIA (Asociación para a Saúde Emocional na Infancia e a Adolescencia)	41	10	51	2.712,00 €		
ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DA COMARCA DA LIMIA "ALGARIA"	50	15	65	2.575,00 €		
Asoc. para a promoción social de persoas con dificultades de patoloxía dual psíquica CADABULLO	46	15	61		8.500,00 €	
ASOCIACIÓN XUVENIL AMENCER	40	12	52	4.500,00 €		
CIMO ENTIDADE PRESTADORA DE SERVICIOS	46	15	61		7.903,35 €	

ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DA COMERCA DE VALDEORRAS "DISVALIA"	47	13	60	4.500,00 €		
ASOCIACIÓN DE DANO CEREBRAL ADQUIRIDO DE OURENSE-RENACER	52	21	73		8.500,00 €	
ASOCIACIÓN DE MULLERES ALGUEIRADA	50	23	73		4.749,48 €	
SOCIEDAD DE SAN VICENTE DE PAÚL EN ESPAÑA. LA MILAGROSA DE OURENSE	55	31	86			7.400,00 €
ASOCIACIÓN DE MULLERES ARANDEIRA	50	23	73		5.352,00 €	
ASOCIACIÓN DE VIUDAS MARIA ANDREA	41	9	50	4.500,00 €		
ASOCIACIÓN ASDIFICA	52	21	73	1.894,64 €		
FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA	41	18	59	4.500,00 €		
ASOCIACIÓN DE MULLERES ANEL	40	16	56	4.500,00 €		
ASOCIACIÓN FISA BOA VIDA	40	5	45	4.304,16 €		
ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO OURENSE	60	32	92			15.000,00 €
ASOCIACIÓN AIXIÑA	43	26	69		8.500,00 €	
ASOCIACION PARA A PREVENCIÓN E A EDUCACIÓN SOCIAL	42	21	63		8.500,00 €	
ASOCIACIÓN DIABÉTICA AURIA	38	18	56	4.500,00 €		
REDMADRE OURENSE	55	28	83	2.000,00 €		
ASOCIACIÓN ARELA	49	22	71		8.500,00 €	

ASOCIACIÓN LIMISI	50	27	77		8.000,00 €	
VALORESC INNOVATION	39	25	64		8.500,00 €	
ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS DE OURENSE	60	32	92			15.000,00 €
FUNDACION PARA A PROTECCIÓN DISCAPACITADOS PSÍQUICOS TERRA DE CELANOVA	45	15	60	2.500,00 €		
ADIDO	41	21	62		8.500,00 €	
ASOCIACIÓN VECIÑAL RABO DE GALO	46	14	60	1.000,00 €		

5.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN CARLOS VELO PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO DA ENTIDADE CORRESPONDENTES Ó ANO 2020.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor Fundación Carlos Velo, nos seguintes termos:

-Importe: 20.000,00 €.

-Obxecto: Gastos de funcionamento da entidade, correspondentes ao ano 2020.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa polo importe concedido, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior ao importe da subvención

concedida (20.000,00 euros). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

- a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.
- b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 30 de outubro de 2020.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

6.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE LAROUCO PARA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E REFORZO DO FIRME NO ACCESO A SEADUR DESDE A N-120.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Conceder unha subvención nominativa a favor do Concello de Larouco, para a execución das obras de *acondicionamento e reforzo do firme no acceso a Seadur dende a N-120*, polo importe de 62.000,00 euros, coas seguintes condicións:

A contratación do investimento subvencionado será realizada directamente pola Deputación Provincial de Ourense, a través da súa Sección de Contratación. A subvención entenderase xustificada coa execución do seu obxecto pola Deputación.

A dirección facultativa da execución das obras e a coordinación de seguridade e saúde, corresponderá aos técnicos designados polo concello, a través dos que a administración municipal poderá dispoñer da información necesaria sobre a execución das obras así como controlar a súa correcta execución.

Concluída a execución da actuación subvencionada, comunicarse ao concello para os efectos de que designe un representante que poida asistir ao acto de recepción da obra, en virtude do cal, e sempre que o concello amose a súa conformidade na correspondente acta, as obras entenderanse entregadas ao concello beneficiario.

A desconformidade do concello coa recepción da obra deberá ser motivada por causas non imputables á dirección facultativa das obras, e dará lugar á incoación e tramitación por parte da Deputación dos procedementos necesarios para a súa resolución.

7.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DA PEROXA PARA ADQUISICIÓN DE INMOBLE CASA NATAL RODOLFO PRADA, PARA USOS CULTURAIS.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor da Concello da Peroxa, nos seguintes termos:

-Importe: 36.000,00 €.

-Obxecto: Adquisición inmoble casa natal Rodolfo Prada para usos culturais.

-Xustificación: A subvención xustificarse mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o 100% do importe do proxecto presentado (36.000,00 euros), indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da

intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 outubro de 2020.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

8.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE SAN CRISTOVO DE CEA PARA PROXECTO DE OBRAS DE PRAZA EN CEA.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención ao Concello de San Cristovo de Cea, nos seguintes termos:

-Importe: 45.000,00 euros.

-Obxecto: Proxecto de obras de Praza en Cea.

-Xustificación: A subvención xustificarse mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o 100% do importe do orzamento presentado (47.765,00 euros), indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificativo do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de outubro de 2020.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

9.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

10.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás once horas e quince minutos do referenciado día catorce de setembro do ano dous mil vinte, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará electronicamente.